

Unidade 4. O insomnio do oso don Venancio

Nome: _____ Curso: ____ Data: _____

O outro día, a nai de Filipe, que vive no noso edificio, veu falar coa miña nai:

—Quería convidar os teus nenos ao aniversario de Filipe...

—Bárbaro! Mándochos, si! —soltou a miña nai—. E logo cando é a festa?

Ela explicoullo e deulle todos os datos. Mais despois engadiu, coma quen pide un favor:

—O padriño de Filipe pensaba facerlle un agasallo especial, unha bicicleta ou un xogo, algo así. Pero el non quere. Só quere unha ponte coma a de Henrique. Foi o que el escolleu. E non atopamos tenda ningunha onde a vendan...

Claro! É ben listiño, Filipe! A ponte é a cousa máis marabillosa do mundo. Si. É unha ponte marabillosa. Serve para as persoas, os cochiños e os animais. Pódese converter nunha estrada. E pode pasar por riba e mais por debaixo de todo.

Ana María MACHADO

1. Que regalo quería Filipe?

2. Que pasa co regalo que quere Filipe?

Unidade 4. O insomnio do oso don Venancio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____


3. Onde viven os rapaces do conto? Marca a opción correcta e responde.

Casa

Piso

• Por que o sabes? _____

4. Quen quería facerlle un agasallo especial a Filipe? Debuxa ese agasallo.



5. Completa.


É unha ponte _____. Serve para as _____,
os _____ e os _____. Pódese
converter _____. E pode pasar por
_____ e mais por _____ de todo.

6. Como cres que será esa ponte? Descríbea.

Unidade 4. O insomnio do oso don Venancio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

7. Escribe os nomes comúns da imaxe e inventa uns propios para as persoas e seres vivos que aparecen.



8. Completa con o ou a.

___ meu amigo Xurxo é médico. ___ súa consulta está en Lalín. ___ sábado pasado tiven que chamalo. Fun eu e ___ miña filla. Ela tiña ___ ollo moi inflamado. Ao final era unha alerxia.

9. Escribe dúas palabras que se correspondan co que se indica.

- Substantivo común feminino _____
- Substantivo propio masculino _____
- Substantivo propio feminino _____
- Substantivo común masculino _____

Unidade 4. O insomnio do oso don Venancio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

10. Completa con ? ou !.

- Como estás despois do partido__
- Moi mal__ Tiven unha lesión__
- Non me digas__ Entón, que pasou__
- Torcín un xeonllo.
- Tes que operalo__
- Ao final non, menos mal__ Levei moito susto__

11. Escribe unha oración interrogativa e unha exclamativa coas palabras vaca e cadela.

- _____
- _____
- _____
- _____

12. Completa con pr ou pl.

__ato __eno __egón __aca
__aneta __azo com__ar com__eto


13. Completa con cr ou cl.

- __avou un __avo na te__a do piano
- Vai un día __aro, a __ista do galo loce moito.

Unidade 4. O insomnio do oso don Venancio

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

14. Debuxa unha galiña e marca nela a crista, as plumas e o peteiro.



15. Resolve as adiviñas.

Dúas pinzas teño,
cara atrás camiño,
de mar ou de río
na auga vivo.

É _____.

Un só porteiro,
un só inquilino,
a túa casa redonda
lévala contigo.

É _____.

16. Escribe unha oración con cada palabra.

esporón

lombo

peteiro

pouta